



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



Comunicado nº 136/20
25 de Setembro de 2020

□ NOVOS CAMPIONATOS SENIOR DE MONTAÑA 2021.

Reunido un grupo de ex-pilotos, co presidente da Federación Galega de Automobilismo, propoñen incluír no Campionato de Montaña 2021 e vindeiros un **Campionato de Galicia de Montaña Senior**, a partir dos 60 anos cumpridos.

A proposta é facer dúas categorías:

“Senior A”

- .- Barquetas
- .- Fórmulas
- .- CM
- .- Carcross

“Senior B”

- .- Turismos F.I.A.
- .- Turismos Grupo X
- .- Turismos Grupo P
- .- Turismos Históricos

A Comisión Executiva elaborará un regulamento base para que a Xunta Directiva-Comisión Delegada poida ampliar a aprobala iniciativa que fará doado ver, de novo, a pilotos míticos do Automobilismo Deportivo de Galicia nas nosas Subidas.

□ A AUDIENCIA DEIXA SEN EFECTO A INHABILITACIÓN DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO.

O Xulgado do Contencioso-Administrativo Número 2 da Audiencia Nacional deixa sen efecto a sanción imposta pola Real Federación Española de Piragüismo ó expiragüista olímpico e actual Presidente da Federación Galega de Piragüismo Don José Alfredo Bea. Ademais, o Xuíz obriga á Federación Española a devolver as cantidades “inxustamente cargadas” á Federación Galega de Piragüismo polas “Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas”.

A denuncia remóntase a xaneiro do 2019, cando a Federación Española impuxo a Alfredo Bea unha sanción de inhabilitación por seis meses por un suposto incumprimento de acordos asemblearios, consistente en expedir licenzas de ámbito autonómico de Galicia, en exclusiva, e non pagar nada á Federación Estatal da cota acordada pola súa Asemblea.

A resolución sancionadora, confirmada como é costume polo Tribunal Administrativo do Deporte (TAD), do Consello Superior de Deportes, afirmaba que a implantación da **“Licenza Autonómica Única-Estatal”** obrigaba ás Federacións Autonómicas a tramitar tódalas licenzas como estatais e, polo tanto, pagar a cota á Federación Española.

Non obstante, a Federación Galega declarou **“a inconstitucionalidade da Licenza Autonómica Única-Estatal”**, deixando vía libre ás Federacións Autonómicas para expedir as súas **“Licenzas Autonómicas de cada Comunidade-Exclusiva”**.

A sentenza agora dictada pola Audiencia Nacional estima “integralmente” o recurso da Federación Galega e anula a sanción persoal e económica, condenando á Federación Española e ó Tribunal Administrativo do Deporte (TAD), do Consello Superior de Deportes, a pasar por ilo con tódolos efectos inherentes a dito pronunciamento.

De novo, Galicia e o seu artigo 27.2 do seu Estatuto de Autonomía fan valer a súa competencia **“EXCLUSIVA”** na materia do deporte na Galicia.
